



# II CONCURSO DE NARRACIONES BREVES

## CONTÁMOSCHO EN FAMILIA





II CONCURSO DE  
NARRACIONES BREVES  
CONTÁMOSHO EN FAMILIA



# PRÓLOGO

Este traballo é o resultado das narracións seleccionadas no II CONCURSO DE NARRACIÓNS BREVES: “CONTÁMOSCHO EN FAMILIA”, convocado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Xoán de Requeixo.

A finalidade desta convocatoria foi potenciar a colaboración das familias no proceso de ensino-aprendizaxe, á vez que concienciar ao alumnado da importancia de mellorar a súa competencia lingüística, valorando a transmisión xeracional.

Recompilamos un total de once narracións coa súa ilustración correspondente; narracións cuxa temática xira en torno ao mundo do leite.

Agradecemos a todos os participantes (que foron máis dos que aquí aparecen), o esforzo realizado.

Deixámosvos coa lectura.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega

**Ano de publicación: 2016**

# A GANDERÍA MÁXICA

Todo comezou unha mañá na gandería máxica, cando o seu representante, Daniel, se dirixía a facer a súa labor diaria de munguir as súas vacas.

Esa mañá Daniel xa notou, nada máis entrar no cortello, que algo non ía ben; as súas vacas tiñan un comportamento fóra do normal, notábaas alteradas e nerviosas. O home decidiu non darlle máis importancia e comezou a munguir as vacas coma habitualmente, pero deseguida se decatou de que, incomprendiblemente, os animais non daban leite.

Daniel non saía do seu asombro e decidiu avisar ao veterinario para pescudar o motivo do que estaba a suceder. Cando o veterinario chegou ao lugar, e despois dun bo anaco observando e explorando aos animais, comentoulle a Daniel que as vacas non daban leite por mor dun enorme estrés. Preguntoulle se ocorrera algo fóra do habitual eses días, ao que Daniel respondeu que non, que todo fora igual ca sempre.

Esa noite, cando Daniel se dispoñía a meterse na cama, escoitou un gran balbordo que proviña do cortello. Rapidamente saíu da casa en dirección ao son e cando abriu a porta non podía crer o que estaba a ver: un trasno esnaquizaba todo o que atopaba no seu camiño e golpeaba a todas as vacas. Sen saír do seu asombro, Daniel comezou a perseguir o trasno durante un bo anaco ata que, maxicamente, o trasno desapareceu.

Daniel non lle podía contar a ninguén o sucedido porque ían pensar que estaba tolo, pero ao mesmo tempo tiña que atopar unha solución. Esa mesma tarde, Daniel atopábase sentado nunha peneda, cavilando en como arranxar a situación, e de súpeto unha fada máxica xurdiu de entre as herbas. Daniel comezou a decatarse de que quizais si se estaba a volver tolo, aínda que non era así.

A fada díxolle que coñecía o seu problema e que ela estaba disposta a axudarlle a desfacerse do trasno e así tamén arranxar os seus problemas. Daniel aceptou e esa mesma noite os dous dirixíronse ao cortello e dispuxéronse a facer o acordado.

Chegadas as doce da noite, que era a mesma hora á que o trasno aparecera a noite anterior, Daniel e a fada encontrábanse agochados ata que por fin chegou o momento no que o trasno apareceu e comezou a facer o da anterior noite. Daniel saíu e comezou o plan, que era o de entreter ao trasno mentres a fada facía un conxuro para facer desaparecer ao trasno por sempre.

O trasno quedou pasmado ao ver a Daniel e deseguida comezou a retroceder. De repente, a fada apareceu xusto detrás do trasno e comezou a facer o conxuro e o trasno desapareceu para sempre.

Daniel quedou abraiado polo espectáculo e agradeceulle á fada toda a súa axuda, ata que ela se despediu e desapareceu.

E así todo volveu á normalidade na granxa máxica, e Daniel puido facer que a súa vida volvera á normalidade e a gozar da tranquilidade de ver ás súas vacas ben, xa que el vivía grazas aos beneficios que lle proporcionaban e eran moi importantes na súa vida.



# A LONGA VIAXE DAS PINGAS DE LEITE



Tremían coma varas verdes. Botáronas da súa casa de malas maneiras. Facía frío, moito frío. Tiñan moito medo, non sabían onde estaban; de súpeto, empezou a facer calor, cada vez máis. Isto é unha desfeita!

Entre berros e choros apareceu un ser ben estraño que parecía saber moito de todo aquilo. Tranquilizounas, e dixo:

- Sereades grandes, moi grandes!

Despois da tormenta parecía que chegara a calma pero foi unha ilusión, porque apareceu outro individuo todo fachendoso, dando ordes. Paralizounas. Aquilo parecía o fin! Convertéronse nunha masa esbrancuxada, feble e cun recendo semi ácido. Xa non eran elas, pero todo estaba tranquilo. De súpeto, un rebumbio, uns golpes que as foi rompendo coma grans de lentellas. Unha revolución que parecía non acabar nunca, volvería a ter sosego algunha vez?

Agora estaban todas apertadas, cada vez máis. Estábanse fundindo unhas con outras, case que eran un só corpo, unha peza máis firme, cun recendo máis gustoso, a froitos secos e vainilla.

A aloucada viaxe das pingas de leite chegou ao seu fin, ou sería unha de moitas máis?

- Que non, que non sodes pingas de leite!  
Sodes un bonito e rico queixo de leite de vaca!

Desconcertadas empezaron a imaxinar como sería a vida dun queixo de campo, e o maxín levounas a percorrer outra longa viaxe, que contaremos outro día.

# A VACA CLARA

Un día chegou á miña vila, Chantada, Clara.

Clara era unha vaca, unha vaca moi estraña que daba LEITE MERENGADO.

De patas moi, moi longas, tiña a pel amarela, grandes ollos azuis, rabo trezado, pendentes nas orellas e os fociños pintados de vermello. Cando paseaba polas rúas sempre rumiaba A MUIÑEIRA DE CHANTADA.

Clara era tan fraca, tan fraca que tiña que ter coidado que o vento da SERRA DO FARO non a levase.

Ao ver as outras vacas, entre dúbidas e estrañezas, curiosa preguntaba:

- Por que as vacas de Chantada non dan leite merengado?  
- Estamos na RIBEIRA SACRA e aquí as vacas dan leite enteiro, desnatado ou semidesnatado; a gusto do consumidor e de calidade a mellor! – Respondíanlle.

- Socorro! Auxilio! Que alguén me veña axudar! Eu non quero dar leite merengado! – dicía Clara con ansiedade. Sentíase estraña e moi desigual. A xente do pobo axudou, axudou...:

- Clara! Cada un ten que ser e aceptarse tal cal naceu. Convécete! Sorrí!

A idea resultou e triunfou. Clara seguía dando leite merengado e do CORAZÓN DE GALICIA non marchou.

CABEMOS TODOS


OS DO LEITE ENTEIRO

OS DO LEITE SEMIDESNATADO

OS DO LEITE DESNATADO


DAR LEITE MERENGADO NON

É MOTIVO DE EXCLUSIÓN!





# A VACA TRACA



A vaca Traca estaba moi triste porque non tiña leite. As súas amigas ríanse dela e cantábanlle:

A vaca Traca  
non ten leite  
porque está fraca.

E Traca choraba.

Recorreu todos os médicos e ningún lle atopou a solución. Comía e non daba nin gota de leite. Estivo unha semana comendo herba fresca e bebendo leite e, por fin, comezou a dar un leite moi rico. Púxose tan leda que cantaba:

Eu son a vaca Traca  
e dou leite  
coma unha cosaca.

# A XATA MARELIÑA



Manolo era un pequeno neno gandeiro que tiña como mascota a Mareliña, unha xata de tres anos que o seu pai lle regalara o día que esta nacera.

Ao saír da escola, Manolo collía a Mareliña e saían a pasear polos grandes prados da aldea. Gustáballe moito cepillala, montar no seu lombo e ata se atrevía a muxila.

Tódolos días dáballe unha froita que a Mareliña papaba nun abrir e cerrar de ollos. O único problema para Manolo era que na escola burlábanse del por ter unha xata de mascota. Así e todo, non lle importaba porque el pasábao tan ben coa Mareliña!

Ese verán, por cousas do destino, o camión que levaba as lambonadas e os refrescos para o día da festa embarrancou e

perdeuse toda a mercadoría. Eran as seis, os gaiteiros “da culá” tocaban no medio do campo e os veciños bailaban ao son da música, pero os rapaces parecían algo tristes.

Manolo colleu a Mareliña e un tallo e plantouse diante dos gaiteiros empezando a berrar:

- Quen quere tirarlle do teto á vaca?

María, unha rapariga do pobo, acercouse con sixilo, sentouse no tallo e comezou a tirarlle do teto á Mareliña. Sorpresa! Deseguida empezou a saír leite e María dirixiu o chorro cara a boca e uns segundos máis tarde berrou:

- Sabe a batido de amorodo!

Nun periquete xa había unha ringleira de nenos que querían probar:

- A min sábeme a lambetadas! –dixo Xoán.

- Este parece sorbete de limón! –exclamou Pablo.

Pouco a pouco foron pasando todos os raparigos a probar o exquisito manxar.

De vez en cando, a Mareliña dáballe co rabo na cara aos nenos que lle apertaban moito. Algún ata se atreveu a dar un paseo no seu lombo, coma se fose un poni.

A partir de aquel ano, un día antes da festa os rapaces da aldea preparaban batidos e xeados co leite da Mareliña. Máis o mellor de todo é que nunca máis ninguén se volveu a rir de Manolo.

# LEITEMAN




Había unha vez unha vila na que as vacas non paraban de botar leite polo ubre, daban tanto leite que a vila estaba inundada. Había que andar en barca en lugar de en coche, e nadar en vez de andar.

Cada día era máis difícil vivir alí. O nivel do leite non paraba de medrar; había que entrar nas casas polas fiestras, xa que as portas non abrían e os veciños non sabían que facer. Ata que un día chegou un avión cheo de turistas e un deles colleu un vaso, encheuno de leite e bebeuno. Gustoulle tanto que aqueles turistas tomaban leite a todas horas, e así foi como o nivel do leite deixou de medrar.

Entón, ao alcalde ocorréselle a idea de mandar leite gratis a todos os países que o quixeran, e así o leite desapareceu das rúas.

Desde aquel día, o alcalde é coñecido coma Leiteman.

# O LEITE XA NON DÁ CARTOS



Había unha vez unha familia que tiña unha granxa con corenta vacas e quince xatas. Xosé, o seu dono, tiña un fillo, Luís, que todos todos os días, de sete a oito da tarde, axudaba ao seu pai cas labores do campo e da gandería.

Pola noite, antes de deitarse, o seu pai dáballe un bico e unha moeda de cincuenta céntimos polo ben que traballaba. Luís metía a moeda nunha hucha coa ilusión de que, ao cumprir dez anos, compraría unha bicicleta desas chulas de marchas.

Certo día, cando estaba na cociña coa merenda ás voltas, a súa nai díxolle:

- Luís, o leite xa non dá cartos.

Luís, abraiado, díxolle:

- Como non vai dar cartos se todos os nenos tomamos leite á mañá e á noite? Como non vai dar cartos se nas feiras a xente compra

queixos de todas as clases? Como non vai dar cartos se os iogures gústanlle a todo o mundo?

A súa nai contestoulle:

-É moi difícil de explicar, xa o entenderás cando sexas máis grande.

Luís deixou a merenda e foi correndo buscar ao seu pai. Ao chegar ao cortello, viu a Xosé, que parecía triste e estaba sentado nun banco, coa mirada perdida no medio do gando. Luís achegouse e murmuroulle ao oído:

- Papá, se o leite non dá cartos, podemos coller a miña hucha ata que as cousas melloren.


Xosé abrazouno e díxolle:

- Non estas triste Luís, venderemos a casa, o cortello e as fincas e marcharemos para a cidade. Alí terás novos amigos, un colexio moito máis grande, parques e ata piscina. Cos teus aforros compraremos a bici esa que tanto che gusta e eu traballarei nun taller mecánico.

Parou uns segundos de falar, só se oía o muuuuuuuuuxido das vacas, e de repente dixo:

- O único que me entristece é que xa non estaremos xuntos tódolos días de sete a oito.

# O SEGREDO DA VACA FLOR



Unha boa mañá, o granxeiro Mateo decidiu muxir a vaca Flor antes cas demais... Era a súa preferida: tiña uns grandes ollos doces e un bonito pelaxe negro e branco. Pero o mellor de todo era o seu cremoso leite: era o mellor da rexión.

Era verán e as vacas durmían no prado. Mateo foi co seu cubo e o seu tallo para muxir a Flor. Coma sempre, sentouse no pequeno tallo, agarrou os ubres da vaca e empezou a apertar. Porén, non pasou nada. Pensou que tiña que intentalo de novo, pero Flor non daba máis leite!

Mateo, horrorizado, correu ver á súa muller, Maruxa, e díxolle:  
- Flor non dá máis leite! Estou desesperado.

Os dous volveron ao prado para ver a Flor. Ela tamén parecía triste. A granxeira mirou a vaca e logo observou o prado que a rodeaba.

- Pero, por que non dá máis leite? – preguntouse mentres se rascaba a cabeza. – O aire é fresco, o sol xa saíu e esta herba verde é tan boa e das máis apetecibles...

- Vaia se é apetecible! – respondeu Mateo.- Saqueina onte para ter unha boa herba seca este inverno! É a mellor herba da rexión!

- Xa está! Xa o entendo! – exclamou Maruxa.- Cando onte segaches a herba, cortaches tamén as flores, e Flor está triste porque non pode comer as saborosas flores que tanto lle gustan.

- Claro! Tes razón! – dixo Mateo.

Entón foise inmediatamente a recoller un ramo de flores ao campo do lado para ofrecerllo a Flor como almorzo. Despois acariciou a vaca, que lle lanzou un enorme “muuuuuu” de agradecemento.

A larpeira e coqueta Flor tiña un segredo: se o seu leite era tan bo era porque estaba perfumado coas flores do prado. Así que ese día ofreceulle a Mateo o máis branco e cremoso dos leites.

E colorín colorado este conto dase por terminado.

# RAMONCIÑO E LINDA




“Ei Linda! ou Morena! “. Así soaba o espertador de Ramonciño todos os días. Era hora, pegou un chimpo ao chan, vestiuse rapidiño e baixou á corte axudar ao seu pai. Alí esperábo Linda, a súa amiga. Nacera o mesmo día ca el, era coma se foran dúas almas xemelgas. “O leite para o almorzo!”, pensaba Ramonciño. El tratábaa con moita delicadeza; aquel leite si que era especial, xa que criara a Ramonciño dende pequeno, porque a súa nai tiña pouco leite para darlle.

Ao volver do colexio sempre pensaba na merenda que lle agardaba: requeixo con mel. Preparáballo súa nai logo de botar mazando o leite toda a mañá. Collía forzas para rematar as súas tarefas e gustaba de acompañalo seu pai ao prado, a buscar a Linda, que saía a pastorear todos os días, naqueles verdes prados de rica herba.

Vai rematando o día e chega a hora de ir durmir. Ramonciño vai para a súa cama, o cuarto está por riba da corte onde dorme Linda.

- Boa noite Linda!
- Muuuu, muuuuu!

# UN DÍA EN VACONIA



Vaconia é a capital do País do Leite. Na cidade, todo está feito con leite ou con produtos que saen del.

As casas son queixos xigantes con grandes buratos, que son as ventás e as portas que usan os habitantes.

As estradas e os camiños están feitos de manteiga porque os coches e as bicicletas deslízanse moi facilmente por ela. Os coches son envases de iogur aos que lles poñen unhas rodas que realmente son queixos pequenos de disco.

No colexio de Vaconia apréndese a muxir, a facer queixo, manteiga e iogur. No canto de tinta, usan leite para escribir e, como pinceis, utilizan as colas das xatas.

Cada neno ten unha vaca que é a súa amiga e a súa mascota. Tamén hai un equipo de fútbol e nel xogan os nenos e as becerras. Os seus rivais son os equipos de Galinocia e Porcolandia.

O día máis importante de Vaconia é o da festa. Ese día, as vacas e os nenos van ao monte e toman ponche de leite, iogur esmagado e xeadado. Ese día, veñen vacas e nenos de todo o mundo.

# VÍA LÁCTEA



Antigamente o leite carretábase en vasillas, olas de barro, bidóns e cisternas. Pero neste pobo do que imos a falar xa estaban totalmente modernizados.

Había unha vez un pobo no alto dunha montaña. Era tan alta que case tocaba o ceo. Neste pobo, a xente vivía da gandería e todos tiñan moitas vacas, pero ninguén carretaba o leite; saía directo de cada explotación a uns condutos dirixidos á constelación VÍA LÁCTEA, e dende aí saían outros condutos que levaban o leite a todos os lugares do mundo. Polo tanto, este leite era o máis fresco do mundo.





# TRABALLOS SELECCIONADOS PARA FORMAR PARTE DA PUBLICACIÓN

TÍTULO DA NARRACIÓN	AUT@R/AUTOR@S
A GANDERÍA MÁXICA.....	Xiana Rodríguez Iglesias (4º B)
A LONGA VIAXE DAS PINGAS.....	Antón Gómez Vázquez (1º A)
DE LEITE	Martín Gómez Vázquez (6º A)
A VACA CLARA .....	Marcos Novoa Goyanes (5 anos B)
	Mateo Novoa Goyanes (5 anos B)
	Andrea Novoa Goyanes (2º B)
A VACA TRACA .....	Andrés López Lagos (1º A)
A XATA MARELIÑA.....	Mateo Montes López (1º B)
LEITEMAN.....	Carlos López Lagos (4º A)
O LEITE XA NON DÁ CARTOS.....	Hugo Montes López (2º B)
O SEGREDO DA VACA FLOR.....	Adrián Vilas Pérez (1º B)
RAMONCIÑO E LINDA .....	Adrián Gómez Ríos (1º A)
UN DÍA EN VACONIA.....	Pablo Cardeiro Pavón (2º A)
VÍA LACTEA.....	Manuel Camiñas Diéguez (2º A)



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
CEIP XOÁN DE REQUEIXO  
CURSO: 2015/2016

